

Sr. alcalde-presidente do Concello de Arteixo
Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1
15142 – ARTEIXO (A Coruña)

Expediente: L.8.Q/14318/17

Santiago de Compostela, 6 de marzo de 2017

Sr. alcalde:

Como coñece, segundo os artigos 13 e 16 da lei reguladora desta institución (lei 6/1984 de 5 de xuño do Valedor do Pobo), temos atribucións para iniciar e proseguir de oficio investigacións sobre actos e resolucións da Administración pública da Comunidade Autónoma de Galicia e da Administración local, supervisando os mesmos para garantir o respecto dos dereitos comprendidos no título I da Constitución Española.

ANTECEDENTES

Nesta institución tívose coñecemento, da situación na que se atopa unha familia de Pastoriza que entregou a súa vivenda ao Banco de Santander para cancelar á hipoteca por non poder facer fronte ao pago das cotas. As persoas afectadas son [REDACTED], a súa parella e mais o fillo.

Segundo puidemos coñecer, a familia adquiriu a vivenda en 2006 e toda vez que a situación económica pola que atravesaba non lle permitía aboar as mensualidades, tras varios meses sen poder pagalas, negociou unha solución coa entidade financeira acordando unha dación en pago parcial.

Dito acordo verbal se acadou o 29 de novembro do 2016, se formalizou o 12 de xaneiro do 2017 e na súa virtude debían abandonar a vivenda a parella mais o fillo antes do día 20 do pasado mes de xaneiro.

Ante a situación descrita, a familia, coñecedora de que xa lle restaban poucos días para abandonar a vivenda que fora a súa residencia habitual dende fai máis de 10 anos, aluga outra e co gallo de dar de alta os diferentes subministros, como é a súa obriga legal,

empadróase o 23 de decembro do 2016 no enderezo desa vivenda na que residirían como alugueiros.

Así mesmo, segundo os datos que puidemos coñecer, a familia aínda é debedora á citada entidade dunha cifra que se achega aos 40.000 euros.

ANÁLISE

1. Cómpre lembrar que o feito de que se derivaran obrigas tributarias da transmisión dunha vivenda nos supostos de entrega da mesma como dación en pago por necesidade económica, foi obxecto de críticas a nivel social, por canto resulta difícil de aceptar pola sociedade que estas familias, tralo drama de perder os seus fogares por non poder facer fronte ao pago das hipotecas, tiveran que asumir o coste de pagar un imposto que grava un enriquecemento ás claras inexistente.

Nese contexto, se aprobou o Real Decreto Lei 6/2012 de medidas urxentes de protección de debedores hipotecarios sen recursos, modificado, engadindo un novo apartado 3 ao artigo 106 do Texto Refundido da Lei Reguladoras das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Legislativo 2/2004, que aínda que conseguiu relativizar o impacto tan negativo de tan inxustificado tratamento fiscal ás familias que se viron obrigadas a efectuar unha dación en pago das súas vivendas, tivo un alcance limitado.

Ao estar condicionado ao feito de que a dación se tivera producido como consecuencia da aplicación pola entidade financeira do código de boas prácticas, se deron casos nos que estas acordaron dacións fora deste procedemento.

Así as cousas, por razóns de urxencia se aprobou mediante o Real Decreto-Lei 8/2014, unha nova modificación da Lei reguladora das Facenda Locais, que tras a convalidación e a tramitación como proxecto de lei, culminou na Lei 18/2014 de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficacia.

O artigo 123, uno c) do Real decreto lei 8/2014, engadiu unha letra c) no apartado 1 do artigo 105 do Real decreto Legislativo 2/2004, coa intención, consideramos que meridianamente clara, de declarar exentos do imposto que nos ocupa, os incrementos de valor consecuencia das transmisións efectuadas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual garantida con hipoteca, en circunstancias que evidenciaran a gravidade da situación económica das familias que lles impedía afrontar, por circunstancias sobrevidas, aquelas débedas.

2. Aínda que a letra c) do apartado 1 do artigo 105 sinala “se considerará vivenda habitual aquela na que figurara empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, alo menos, os dous anos anteriores á transmisión ou desde o momento da adquisición si o dito prazo fora inferior aos dous anos”, semella que a vontade do lexislador foi facilitar que as familias afectadas polo pago deste tributo puideran beneficiarse da exención sen ver coartado o seu dereito por rigorismos formalistas.

É certo que o Concello, con fundamento legal indiscutible, cal é neste caso o incumprimento por parte da beneficiaria do requisito de estar empadroadada no momento mesmo de producirse a transmisión da vivenda por dación en pago, pode negarse a aplicar a exención, no é menos certo que a aplicación estrita dunha norma, podería comportar paradoxalmente o incumprimento da mesma cando, do rigor formalista se deriva un descoñecemento da vontade expresada con claridade polo lexislador no acto da aprobación.

Sendo verdade que no momento de producirse a dación en pago non estaban empadroados na vivenda afectada pola transmisión, - polos motivos expostos- consideramos que debe terse en conta que habitaron na mesma constituíndo residencia habitual durante máis de 10 anos e ata moi pouco tempo antes de producirse a transmisión, cando por evitar o feito certo que se ía producir poucas datas despois, e en evitación de quedar o fillo e máis a parella sen vivenda, decidiron alugar outra e se empadroaron nela a fin de tramitar os contratos de subministro.

No caso que nos ocupa, de resultar que o único requisito que non se cumpra estritamente sexa o de residir ininterrompidamente durante os dous anos anteriores na vivenda habitual, entendemos que debería considerarse a súa situación como acreedora da concesión dos beneficios da exención establecida no Real Decreto Lei 8/2014, de 4 de xullo, modificado pola Lei 18/2014, de 15 de outubro de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. (aínda que non se cumpra *stricto sensu* un dos requisitos formais esixidos pola normativa, cal é o prazo de tempo de residencia na vivenda o certo e verdade é que residiron nela durante máis de dez anos con anterioridade á dación en pago).

É por elo, que esta institución solicita por consideralo mais axeitado á xustiza material, unha interpretación flexible dos requisitos e condicións estipulados na norma de aplicación a fin de non desvirtuar o espírito da mesma nin descoñecer a vontade do lexislador.

Consideramos que entra dentro do razoable e previsible que as familias incursas en procesos de dación en pago non agarden ao momento exacto da entrega efectiva da súa vivenda para atopar acomodo noutro enderezo.

Así mesmo, a postura desta institución vémosla reforzada tendo coñecemento da posición adoptada pola Dirección Xeral de Tributos no informe 2015-07621, recaído na consulta 0626-15 (respecto ao requisito do empadramento) que se pronuncia nestes termos : “ *este requisito no hay que interpretarlo en un sentido tan estricto que excluya de la aplicación de la exención a aquellos casos en los que sí haya constituido la vivienda habitual del contribuyente, pero que, como consecuencia del propio procedimiento de ejecución hipotecaria o debido a su grave situación económica, en el momento de la transmisión de dicha vivienda, ya no resida en la misma. Por tanto será el órgano gestor quien deba apreciar el cumplimiento de dicho requisito a la vista de las pruebas aportadas por el contribuyente*”

É precisamente neste contexto no que semellaría acaído incardinar o sentido da recomendación que se formulará. Esta Institución non poder ser allea a esta situación dentro do fondo respecto á autonomía da gobernanza local.

Polo anteriormente exposto, formulamos as seguintes

CONCLUSIÓNS

Considérase necesario no exercicio da facultade atribuída a esta Institución en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984 do Valedor do Pobo, facerlle chegar ao Concello de Ferrol a seguinte recomendación :

Que atendendo a razóns de xustiza material se recoñeza á contribuínte o dereito a ser beneficiaria da exención no pago do Imposto sobre o Incremento do valor dos terreos de natureza urbana, prevista na letra c do apartado 1 do artigo 105 do Real Decreto Legislativo 2/2004 accedendo á devolución de ingresos indebidos, en caso de que proceda.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémoslle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá

poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Agradecéndolle a súa colaboración o saúda atentamente.

Milagros María Otero Parga
Valedora do Pobo

DILIXENCIA DE ARQUIVO

Expediente: L.8.Q/14318/17

Para facer constar que segundo o preceptuado polos artigos 13 e 16 da lei reguladora desta institución (lei 6/1984 de 5 de xuño do Valedor do Pobo), iniciamos este expediente de oficio como consecuencia da problemática que afectaba a unha familia de Pastoriza (Arteixo) que entregara a súa vivenda ao Banco de Santander para cancelar a hipoteca por non poder facer fronte ao pago das cotas e que o citado concello agora lle reclamaba o pago do comunmente chamado imposto de plusvalía municipal. As persoas afectadas eran D^a. Silvina Gorgoroso, a súa parella e mais o fillo.

Segundo puidemos coñecer, a familia adquiriu a vivenda en 2006 e toda vez que a situación económica pola que atravesaba non lle permitía aboar as mensualidades, tras varios meses sen poder pagalas, negociou unha solución coa entidade financeira acordando unha dación en pago parcial.

Dito acordo verbal se acadou o 29 de novembro do 2016, se formalizou o 12 de xaneiro do 2017 e na súa virtude debían abandonar a vivenda a parella mais o fillo antes do día 20 do pasado mes de xaneiro.

Ante a situación descrita, a familia, coñecedora de que xa lle restaban poucos días para abandonar a vivenda que fora a súa residencia habitual dende fai máis de 10 anos, aluga outra e co gallo de dar de alta os diferentes subministros, como é a súa obriga legal, empadróase o 23 de decembro do 2016 no enderezo desa vivenda na que residirían como alugueiros.

Cómpre lembrar que o feito de que se derivaran obrigas tributarias da transmisión dunha vivenda nos supostos de entrega da mesma como dación en pago por necesidade económica, foi obxecto de críticas a nivel social, por canto resulta difícil de aceptar pola sociedade que estas familias, tralo drama de perder os seus fogares por non poder facer fronte ao pago das hipotecas, tiveran que asumir o coste de pagar un imposto que grava un enriquecemento ás claras inexistente.

É certo que o Concello, con fundamento legal indiscutible, cal é neste caso o incumprimento por parte da beneficiaria do requisito de estar empadroada no momento mesmo de producirse a transmisión da vivenda por dación en pago, pode negarse a aplicar a exención, no é menos certo que a aplicación estrita dunha norma, en ocasións comporta paradoxalmente o incumprimento da mesma cando, do rigor formalista se deriva un descoñecemento da vontade expresada con claridade polo lexislador no acto da aprobación.

Neste caso concreto, sendo verdade que no momento de producirse a dación en pago esta familia, non estaba empadroada na vivenda afectada pola transmisión, - polos motivos exposto s- considerábase que debería terse en conta que habitaron na mesma constituíndo residencia habitual durante máis de 10 anos e ata moi pouco tempo antes de producirse a transmisión, cando por evitar o feito certo que se ía producir poucas datas despois, e en evitación de quedar o fillo e máis a parella sen vivenda, decidiron alugar outra e se empadroaron nela a fin de tramitar os contratos de subministro.

No caso que nos ocupa, de resultar que o único requisito que non se cumpra estritamente sexa o de residir ininterrompidamente durante os dous anos anteriores na vivenda habitual, entendemos que debería considerarse a súa situación como acreedora da concesión dos beneficios da exención establecida no Real Decreto Lei 8/2014, de 4 de xullo, modificado pola Lei 18/2014, de 15 de outubro de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia. (aínda que non se cumpra *stricto sensu* un dos requisitos formais esixidos pola normativa, cal é o prazo de tempo de residencia na vivenda o certo e verdade é que residiron nela durante máis de dez anos con anterioridade á dación en pago).

É por elo, que esta institución solicitou ao Concello de Arteixo unha interpretación flexible dos requisitos e condicións estipulados na norma de aplicación a fin de non desvirtuar o espírito da mesma nin descoñecer a vontade do lexislador.

É precisamente neste contexto no que formulamos a recomendación segundo se concretou.

En data 4 dos correntes (R.E. 16075/17) recibíuse resposta do Concello de Arteixo onde se indica na súa literalidade o seguinte:

“Na Casa do Concello de Arteixo (A Coruña), o Sr. Alcalde-Presidente, ante min, Secretaria Xeral, ditou a seguinte

RESOLUCIÓN:

Con data 24/03/2017 a Técnico de Rendas e Exaccións co conforme da Interventora Municipal emiten o seguinte informe relativo ao recurso presentado polo pagamento do

Imposto sobre Incremento do valor dos terreos de natureza urbana (IIVTNU), recibo número 86599, Expte:A8/17, que resulta transcrito literalmente:

“ASUNTO:INFORME SOBRE RECURSO PRESENTADO POLO PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE INCREMENTO DO VALOR DOS TERREOS DE NATUREZA URBANA (IIVTNU). RECIBO NÚMERO 86599, EXPTE:A8/17

I.-ANTECEDENTES.

En data 12 de xaneiro de 2017, rexistro de entrada 2017/0393, presentouse reclamación por parte do contribuínte D. Andrés Fabián Méndez Pascal, con NIF: 47.389.942 Y, con domicilio en Avenida de Pastoriza, nº 56-2ºB, Pastoriza, Arteixo, onde solicita que se anule o importe en concepto do Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana, correspondente a Autoliquidación número 86559 de expediente A8/17, por importe de 663,25 €, por alegar que o banco comunicoulle que tiña que abandonar a vivenda habitual o día 20-01-2017, polo que cambiou de empadramento con data 23-12-16 para a nova vivenda alugada.

En data 08 de marzo de 2017, rexistro de entrada 2017/03446, Dona Silvina Gorgoroso Silveira, con NIF: 49.333.065 C, solicita declarar non suxeita ao IIVTNU a transmisión da súa vivenda habitual a través da escritura de dación en pago de data 12-01-2017, ao considerar que non se produciu o incremento do valor do inmovible obxecto da transmisión.

II.-BASE LEGAL.

R.D.L 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (TRLRDHL).

Ordenanza Fiscal n 5 "Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza Urbana"

III.-CONTIDO DO INFORME.

A.- O Imposto sobre Incremento do valor dos terreos de natureza Urbana (IIVTNU) ven regulado xuridicamente nos artigos 104 a 110 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL). Así mesmo, os concellos teñen certas competencias reguladoras sobre dito tributo que poderán establecer dentro da ordenanza municipal correspondente.

Segundo o artigo 104 do TRLRHL, constitúe o feito imponible do IIVTNU o incremento do valor que experimentan os terreos urbanos, o que se pon de manifesto como consecuencia da transmisión da propiedade ou da constitución ou transmisión de dereitos reais dos mesmos (por exemplo un usufruto).

En canto ao devengo do IIVTNU, definido no artigo 109 del TRLRHL, este ten como data a do documento público que reflexe a transmisión (escritura, data da subasta, data do acto de ocupación nos casos de expropiación...) no caso de transmisións onerosas, e a data de defunción no caso de herdanzas ou legados.

A base imponible do IIVTNU, segundo se recolle no artigo 107.1 del TRLRHL, está constituída polo incremento do valor dos terreos de natureza urbana, posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ao longo dun período máximo de 20 anos.

O valor deste incremento se calcula aplicando un determinado porcentaxe sobre o valor do terreo no momento do devengo do IIVTNU. De acordo ao artigo 107.2 do TRLRHL, este valor do terreo na data do devengo se define no caso da transmisión da propiedade como o valor catastral do mesmo a efectos do IBI, mentres que si se trata da constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, hai que considerar o valor do dereito en cuestión segundo as normas do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPAJD).

O valor deste incremento se calcula aplicando un determinado porcentaxe sobre o valor do terreo no momento do devengo do IIVTNU. De acordo ao artigo 107.2 do TRLRHL, este valor do terreo na data do devengo se define no caso da transmisión da propiedade como o valor catastral do mesmo a efectos do IBI, mentres que si se trata da constitución e transmisión de dereitos reais de goce limitativos do dominio, hai que considerar o valor do dereito en cuestión segundo as normas do Imposto sobre Transmisións Patrimoniais e Actos Xurídicos Documentados (ITPAJD).

Para determinar o importe da cota a pagar do IIVTNU é necesario multiplicar en primeiro lugar o valor do terreo, calculado segundo o especificado anteriormente, polo número de anos ao longo dos cales se experimentou o incremento do valor (o período de tempo que o ben permaneceu no patrimonio do transmitente), e pola porcentaxe anual fixado polo Concello en función dos períodos de xeración da plusvalía, dentro dos seguintes límites máximos definidos no TRLRHL

a) Período de un ata cinco anos: 3,7.

b) Período de ata 10 anos: 3,5.

c) Período de ata 15 anos: 3,2.

d) Período de ata 20 anos: 3

Por último, o resultado obtido ténselle que aplicar o tipo impositivo, que vena definido tamén na ordenanza municipal correspondente, con un máximo do 30% tal e como define o artigo 108.1 del TRLRHL.

En canto as exencións do IIVTNU, definidas no artigo 105 do TRLRDHL., no seu punto 1c especifica que:

“Estarán exentos deste imposto os incrementos de valor que se manifesten a consecuencia dos actos seguintes:

c)As transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual do deudor hipotecario ou garante do mesmo, para a cancelación de débedas garantidas con hipoteca que recaia sobre a mesma, contraídas con entidades de crédito ou calquera outra entidade que, de maneira profesional, realice a actividade de concesión de préstamos ou créditos hipotecarios.

Así mesmo, estarán exentas as transmisións da vivenda *en* que concorran os requisitos anteriores, realizadas en execucións hipotecarias xudiciais ou notariais.

Para ter dereito a exención requírese que o debedor ou garante transmúntente ou calquera outro membro da súa unidade familiar non dispoña, no momento de poder evitar a enaxenación da vivenda, de outros bens ou dereitos en contía suficiente para satisfacer a totalidade da debeda hipotecaria. Se presumirá o cumprimento deste requisito. Non obstante, si con posterioridade se comprobara o contrario, se procederá a xirar a liquidación tributaria correspondente.

A estes efectos, se considerará vivenda habitual aquela na que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrumpida durante, polo menos, os dous anos anteriores a transmisión ou desde o momento da adquisición si dito prazo fose inferior aos dous anos.
.....”

B.- Na ordenanza Fiscal nº 5 deste Concello de Arteixo correspondente ao Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza Urbana especifica no seu artigo 7 e 9 a forma de calcular a base imponible deste imposto. O artigo 7 e 9 desta ordenanza ten o seguinte comido literal:

ARTIGO 7. Base imponible.

1. *A base imponible deste imposto está constituída polo incremento real do valor dos terreos de natureza urbana posto de manifesto no momento do devengo e experimentado ó longo dun período máximo de vinte anos.*
2. *Para determinar o importe do incremento real a que se refire o apartado anterior aplicarase sobre o valor do terreo no momento do devengo a porcentaxe que corresponda en función do número de anos durante os que se xerara dito incremento.*
3. *A porcentaxe anteriormente citada será a que resulte de multiplicar o número de anos expresado no apartado 2 do presente artigo pola correspondente porcentaxe anual, que será:*
 - a. *a) Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo comprendido entre un e cinco anos 2,9.*
 - b. *Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata dez anos 2,5.*
 - c. *Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata quince anos 2,3.*
 - d. *Para os incrementos de valor xerados nun período de tempo de ata vinte anos 2,2.*

ARTIGO 9.

Nas transmisións de terreos de natureza urbana considerase como valor dos mesmos ó tempo do devengo deste imposto, o que teñan fixado en dito momento ós efectos do Imposto sobre Bens Inmóbles.”

No artigo 11 desta ordenanza determina a Cota Tributaria deste imposto, onde especifica no seu punto 1 que a cota deste imposto será a resultante de aplicar á base imponible o tipo do 20%.

No artigo 5.- exención, de dita ordenanza, especifica no seu punto 1c que estarán exentas as transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual, e considerase vivenda habitual aquela na que figurase empadroadado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores a transmisión ou desde o momento da adquisición si dito prazo fose inferior aos dous anos.

C.- No caso desta Autoliquidación estamos a falar dunha Dación en pago que da orixe a transmisión dun inmovible sito en Rúa Barrionovo, 4, 1º A, en data 12 de xaneiro de 2017.

Nos recursos presentados manifestan que dita transmisión está exenta do pago deste imposto por ser unha dación en pago, e que non esta suxeita ao IIVTNU, pola citada transmisión, porque non se obtivo plusvalía posto que a propiedade vendeuse a un prezo inferior ao de compra.

Destacase que dita autoliquidación A8/17 corresponde ao Imposto sobre incremento do valor dos terreos de natureza urbana, pola dación en pago dun inmovible sito en Rúa Barrionovo, 4, 1º A, practícase con arreglo a Lei de Facendas Locais, onde ven regulado xuridicamente este Imposto, nos artigos 104 a 110 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRHL) e na ordenanza Fiscal nº 5 deste Concello.

O cálculo deste Imposto realizouse axustándose a normativa vixente e

O artigo 105 LRDHL no seu punto 1c establece que están exentas deste imposto as transmisións realizadas por persoas físicas con ocasión da dación en pago da vivenda habitual, e que se considera vivenda habitual aquela na que figurase empadroado o contribuínte de forma ininterrompida durante, polo menos, os dous anos anteriores a transmisión ou desde o momento da adquisición si dito prazo fose inferior aos dous anos.

A través do volante histórico de padrón comprobouse que D. Andrés Fabián Méndez Pascal e Dª Silvina Vanessa Gorgoroso Silveira figuran empadroados en dito inmovible de forma ininterrompida do 30/11/2009 ao 23/12/2016. Visto que a dación en pago é de data 12 de xaneiro de 2017, e que nesa data non figuran empadroados nese domicilio, non reúnen as condicións para ter dereito a dita exención.

O art.107 LRHL establece a regra de determinación da base imponible, e resulta obvio que para realizar o cálculo deste Imposto hai que aplicar as regras previstas na Lei, porque teñen carácter imperativo, e ningún precepto prevé a posibilidade de utilizar outro método alternativo de cuantificación das Plusvalías.

Mentres non se modifique o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais, norma estatal reguladora do tributo en cuestión, deberá manterse o Imposto conforme a lei vixente.

D.- Conclusión:

Primeiro.- Tendo en conta a normativa citada de aplicación e os feitos e fundamentos deste informe a que subscribe entende que procede desestimar a reclamación e recurso presentados por D. Andrés Fabián Méndez Pascal e Da Silvina Gorgoroso Silveira , polos seguintes motivos:

- O cálculo da autoliquidación A8/17, recibo número 86559, pertencente ao Imposto sobre o Incremento do valor dos terreos de natureza urbana pola dación en pago do inmovible sito en Rúa Barrionovo, 4, 1º A, realizado en escritura de data 12 de xaneiro de 2017 protocolo 70, notario: Manuel Mariño Vila, está correctamente calculado en base a normativa citada anteriormente, non tendo dereito a exención deste imposto por non estar empadroados no inmovible hasta que se produce a dación en pago (art.5.1c da ordenanza fiscal 5, artigo 105 LRDHL no seu punto 1c), e habendo calculado a base impositiva desta dación en pago en base a lei vixente (art.7 da ordenanza fiscal 5, art.107 LRHL).

Segundo.- Notificar o acordo a Don Andrés Fabián Méndez Pascal e Dona Silvina Gorgoroso Silveira.

De conformidade co anteriormente exposto e en virtude das competencias que me atribúe o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local

RESOLVO:

Primeiro.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto por D. Andrés Fabián Méndez Pascal e Da Silvina Gorgoroso Silveira, polos motivos enriba expostos.

Segundo.- Notificar o contido da presente Resolución ós interesados.”

Polo anteriormente exposto, consideramos que da desestimación do recurso de reposición interposto polos interesados, que o Concello de Arteixo achega como resposta á recomendación referenciada ao comezo desta dilixencia, cabe inferir que non se acepta a recomendación formulada por esta institución e por conseguinte procedemos a concluír o presente expediente de queixa.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número de tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

E para que conste, o asino en Santiago de Compostela, a 11 de abril de 2017.

A responsable da área

Asdo. Cristina Fernández San Silvestre

